



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA E A FEDERACIÓN
GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS EN RELACIÓN COS GASTOS
DE LIMPEZA DOS CENTROS PÚBLICOS INTEGRADOS.**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral Técnico da Consellería de Cultura , Educación e Ordenación Universitaria, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura , Educación e Ordenación Universitaria ten previsto formalizar coa Federación Galega de Municipios e Provincias o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro de 2017 ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O convenio ten por finalidade fixar a distribución das obrigas económicas da Administración Educativa e das Corporacións Locais que contan con persoal propio de limpeza, nos gastos xerados por tal servizo nos CPIs radicados nos seus termos municipais.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:





Habida conta da existencia de corporacións locais encargadas da planificación, dirección e xestión dos servizos de limpeza, no momento actual segue sendo necesaria a colaboración das dúas administracións locais e autonómica, a fin de aunar e optimizar os recursos públicos existentes co obxectivo común de acadar un ensino público de calidade.

Así mesmo, os bos resultados obtidos durante o tempo no que ven desenvolvéndose este convenio falan ás claras da conveniencia de manter a colaboración institucional emprendida neste eido, en beneficio da eficacia e a eficiencia na xestión pública.

Por outra parte, a singularidade das achegas subvencionais articuladas mediante este convenio, así como as razóns de interese público incuestionable que o animan, xunto coa dificultade e inconveniencia substancial da súa convocatoria pública, xustifican o instrumento bilateral escollido.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 15 de xaneiro de 2018.

(asinado dixitalmente)

